

EN PÉ CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

7M

FOLGA
ESTUDANTIL
FEMINISTA



ACABOUSE!
QUERÉMONOS VIVAS!

MANIFESTACIÓNS 12h

A CORUÑA: Obelisco | VIGO: Farola Urzáiz



librescombativas.net
sindicatodeestudiantes.net

47 mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex-parellas no Estado Español en 2024 e 9 menores vítimas da violencia vicaria, a cifra máis alta desde 2015. A violencia machista non cesa e a impunidade con que actúan os agresores tampouco.

Cada día que pasa as noticias son máis sanguentas. O caso de Gisèle Pelicot na “democrática” e “avanzada” Francia dá bo exemplo da barbarie machista a que estamos sometidas. A xustiza patriarcal mira para outro lado cando nos matan, violánnos ou nos obrigan a entregar os nosos fillos a maltratadores como a Juana Rivas. As denuncias arquivanse, os servizos de atención ás vítimas recórtanse, os albergues e centros para vítimas péchanse.

Mentres tanto, a extrema dereita vén a por nós. En todo o mundo, e aquí tamén co PP, Vox e as súas bandas fascistas, estes ultras misóxinos arremeten contra o feminismo combativo, negan que exista a violencia de xénero, falan de “denuncias falsas” e colócanos unha diana a millóns de mulleres e mozas para que se nos agrede con impunidade.

Estes machirulos, que temos que aguantar todos os días tamén nas nosas aulas, senten un odio visceral contra o feminismo porque lles deixamos claro que se acabou. Que non o soportamos máis. Que ningunha agresión, humillación ou desigualdade quedará no esquecemento e sen resposta. Que os tempos en que as mulleres tiñamos que calar e obedecer ao pai, ao marido e ao patrón termináronse. Que queremos unha vida libre de violencia e medo. Que esiximos respecto e igualdade.

Entre todas, traballadoras, estudantes, pensionistas..., levantamos un movemento moi poderoso en defensa dos nosos dereitos. E puidemos facer historia polo tipo de feminismo que defendemos. Un feminismo de combate, de clase e antifascista, que loita contra a secuela do machismo veña de onde veña. Un feminismo que defendemos millóns, e que é moi diferente á pose do Goberno do PSOE-Sumar. É feminista blindar a xustiza patriarcal e non facer nada por acabar con ela? Ou ignorar a necesidade dunha materia de educación sexual? Ou permitir fendas salariais, desigualdade, crise da vivenda, seguir financiando o xenocidio en Palestina e non facer nada contra as bandas fascistas? Non, claro que non.

Por todas estas razóns imos volver a demostrar que somos moitas e que somos fortes. O Sindicato de Estudantes e Libres e Combativas chamamos a todas as e os estudantes á **Folga Estudantil Feminista o venres 7 de marzo e a encher as rúas con manifestacións multitudinarias ás 12h dese día.**

As novas colocámonos en primeira liña desta batalla en que nos xogamos tanto, preparando un 8M para asolagar de morado as rúas e prazas.